FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN Galicia

Cofinancian: GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · CONSORCIO DE SANTIAGO

# CURSO SUPERIOR DE ESPECIALIZACIÓN EN XESTIÓN DE OBRAS DE REHABILITACIÓN

ES *FORMACIÓN*



ES O QUE *CONSTRÚES*


683 13 84 58

microsites.fundacionlaboral.org/cegor-gal


FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN | CNC Confederación Nacional de la Construcción | CCOO hábitat | UGT FICA

Presentación | 1 .......................................................................... 3
Fundación Laboral de la Construcción | 2 ......................................... 4
Destinatarios/as do programa formativo | 3……………………………. 5
Obxectivos do Curso | 4 ................................................................. 6
Temario Detallado | 5 .................................................................... 7
Programación e Lugar de Impartición | 6........................................... 8
Sistema de Avaliación | 7 ............................................................... 9
Información e inscricións | 8 ............................................................ 9
Condicións de Pago | 9 ................................................................ 10
Certificación da Formación | 10 ..................................................... 10
Centros de Fundación Laboral de la Construcción en Galicia | 11 . 11

**Formación cofinanciada polo Consorcio de Santiago*

# Presentación | 1

O aumento de intervencións de rehabilitación ou reforma de edificios existentes está xerando novas oportunidades de empreo cualificado e estable. Os perfís máis buscados son persoas traballadoras cunha maior especialización na xestión integral de obras de rehabilitación.

Coñecer a tradición e as **técnicas actuais de construción e xestión** é necesario para que calquera rehabilitación sexa respetuosa cos núcleos históricos e co seu contorno sociocultural.

O ***Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación*, CEGOR**, aborda os seguintes aspectos:

- Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación.
- Xestión administrativa e económica das obras.
- Instalacións e eficiencia enerxética nas obras.

Con este curso, de 300 horas de duración, a **Fundación Laboral de la Construcción** ofrece diversidade de recursos, combinando clases teóricas, obradoiros prácticos e visitas externas. Ademais, a formación desenvolverase en modalidade mixta.

A presente edición está parcialmente subvencionada polo **Consorcio de Santiago** dentro das actividades formativas de posgrao orientadas á formación en rehabilitación e restauración de técnicos no exercicio 2026. (BOE núm. 8, de 9 de xaneiro de 2026).



# Fundación Laboral de la Construcción | 2

A **Fundación Laboral de la Construcción** traballa desde hai máis de 30 anos para facilitar a **empresas e persoas traballadoras** os recursos que fagan posible unha industria máis innovadora, sostible, igualitaria e inclusiva, liderando a súa transformación nos ámbitos da seguridade e saúde, o emprego e a cualificación profesional.

Este é o fin co que se uniron a ***Confederación Nacional de la Construcción* (CNC)**, ***CC.OO. del Hábitat*** e a ***Federación de Industria, Construcción y Agro* (UGT-FICA**), formando esta entidade paritaria sen ánimo de lucro.

O sector avanza unido e conectado entre si, coa sociedade e o resto dos sectores para afrontar os retos dos novos tempos:

- **Atracción de talento novo e mulleres**
- **Transformación dixital de procesos**
- **Necesidade de man de obra cualificada**
- **Redución do impacto ambiental da actividade**



# Destinatarios/as do programa formativo | 3

O programa formativo está dirixido a **profesionais e técnicos/as de edificación** que necesitan adquirir ou actualizar os seus coñecementos na **conservación, restauración e rehabilitación**. A combinación de teoría e práctica mostra os elementos implicados nas distintas fases do proxecto, a execución e supervisión de cada actuación.

O programa do **Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación** deseñouse a medida para capacitar aos/ás profesionais nas distintas áreas da rehabilitación.

Grazas á experiencia de alumnado e docentes dos anos anteriores, esta sétima edición en colaboración co **Consorcio de Santiago** recolle as necesidades das persoas traballadoras de hoxe en día, que deben facer fronte ás novas realidades e situacións polas que atravesa o sector. Especialmente incidiuse nas novas técnicas de intervención e na mellora da eficiencia enerxética das actuacións realizadas.

A través do curso, desenvolveranse as competencias necesarias para realizar a xestión completa dunha obra de rehabilitación. Profesionais expertos/as de cada área tratada no curso compartirán a súa experiencia e achegarannos o día a día da súa profesión.

O curso reúne todas as fases implicadas na rehabilitación: a xestión económica e administrativa dos proxectos, os materiais, as técnicas e patoloxías, así como as instalacións e a eficiencia enerxética. Deste modo trázase o perfil máis completo na área de xestión da rehabilitación.



# Obxectivos do Curso | 4

## Obxectivo Xeral

Dar a coñecer aos/ás profesionais as particularidades das obras de rehabilitación de edificios protexidos, dende o punto de vista da sostibilidade, a eficiencia enerxética e o respecto patrimonial.

## Obxectivos Específicos

Adquirir unha visión global das fases dunha obra de rehabilitación e da relación entre elas, especializando o coñecemento e as competencias dos/as profesionais da xestión de obras de nova planta.

Coñecer os aspectos específicos da xestión administrativa e legal das obras en edificios con algún grao de protección.

Profundizar na comprensión da mecánica dos edificios construídos con técnicas tradicionais, investigando e desenvolvendo fórmulas de coordinación cos procedementos, medios e sistemas da construción contemporánea.



# Temario Detallado | 5

O ***Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación (CEGOR)*** conta co arquitecto Ángel Panero Pardo para o seu deseño e a súa coordinación académica.

| | |
|---|---|
| | 0. Presentación do curso. Presentación do traballo do curso. |
| MÓDULO 1 | **1. XESTIÓN ADMINISTRATIVA DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN** |
| | 1.1. Axudas á rehabilitación. Situación actual. Oportunidades e Xestión de axudas. |
| | 1.2. A Lei de Rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia. |
| | 1.3. Introdución á Dirección Xeral de Patrimonio de Galicia. Procedementos e xestión ante a Dirección Xeral. A Lei de Patrimonio Cultural de Galicia. |
| | 1.4. Normativa, procedemento e trámite de arqueoloxía ante a Dirección Xeral de Patrimonio de Galicia. |
| | 1.5. Procedementos administrativos da rehabilitación e xestión ante a Administración Local. |
| | 1.6. Lexislación, trámite e xestión urbanística da rehabilitación. |
| | 1.7. Aspectos esenciais da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Os contratos de obras. Modificación de contratos. |
| | 1.8. Expedientes de contratación. Os pregos, procedementos e licitación. |
| | 1.9. Alta e Práctica de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público. |
| | 1.10. O estado de medicións e presuposto dunha obra nos proxectos. Medición e certificación de obras. Recepción e liquidación de obras públicas. |
| | 1.11. Control de calidade nas obras de rehabilitación. |
| | 1.12. Seguridade e saúde en obras de rehabilitación. |
| | 1.13 Reciclaxe e xestión de residuos. Introdución e marco legal. |
| | 1.14. Toma de datos. Xestión e coordinación da información de dirección de obra. |
| | 1.15. Toma de datos. Práctica de escaneado con dron e xeración de nube de puntos. |
| | 1.16. Toma de datos. Xestión de nube de puntos. |
| MÓDULO 2 | **2. FÁBRICAS TRADICIONAIS** |
| | 2.1. Arquitectura de muros. Introdución ás fábricas tradicionais e ao seu aparello. |
| | 2.2. Arqueoloxía, trámite e procedemento. Lectura de paramentos. |
| | 2.3. Conceptos esenciais no comportamento estrutural dun muro de pedra. Estabilidade, resistencia, asento, rotura e envorco. Apertura de ocos. |
| | 2.4. Introdución aos morteiros. Morteiros de cal aérea e cal hidráulica natural. Dosificacións, amasado e aplicación. Riscos e patoloxía corrente. |
| | 2.5. Práctica Morteiros. Taller de rexuntados e revocos. Amasado e aplicación de rexuntados de mampostería. |
| | 2.6. Práctica de cantería en taller. Ferramentas, pedras e técnicas. |
| | 2.7. Medidas preventivas para a conservación de estruturas de mampostería. |
| | 2.8. Práctica. Visita a canteira e taller de cantería. |
| | 2.9. Principios básicos para a análise de humidades en edificios históricos. |
| | 2.10. Humidades de condensación. Práctica, interpretación e manexo do diagrama psicométrico. |
| | 2.11. A inercia térmica como oportunidade. Introdución ao comportamento higrotérmico dun muro tradicional. Análise comparada de diferentes cargas térmicas en muros de mampostería. |
| MÓDULO 3 | **3. MADEIRA** |
| | 3.1. Identificación de especies, tipos e clases de madeira en construción en Galicia. |
| | 3.2. Xilófagos. Identificación e tratamentos preventivos e curativos. |
| | 3.3. Introdución á madeira en construción. Patoloxía, análise e diagnóstico da madeira. |
| | 3.4. Construción en madeira. Procesos, materiais, láminas e produtos complementarios. |
| | 3.5. Estruturas de madeira. Principios básicos da construción con CLT. |
| | 3.6. Taller de madeira. Práctica de carpintería. |
| | 3.7. Impermeabilización e desolidarización de acabados sobre estruturas e soportes de madeira. |
| | 3.8. Carpinterías de madeira. |
| | 3.9. Ensaio, análise e control de calidade de obras de madeira. |
| | 3.10. Visita á planta de control numérico en Maderas Besteiro. |
| | 3.11. Visita ao laboratorio de PEMAD4.USC Lugo. |
| | 3.12. Visita ao laboratorio de ensaio de carpinterías no Campus Cortizo. |
| | 3.13. Visita ao Edificio Impulso Verde. Concello de Lugo. |
| MÓDULO 4 | **4. ENVOLVENTES** |
| | 4.1 Taller de estucado. Práctica de revocos á cal. Preparación de soportes. Materiais, amasado e aplicación |
| | 4.2 Taller de estucado. Práctica de revocos á cal. Acabados. (I) |
| | 4.3 Taller de estucado. Práctica de revocos á cal. Acabados. (II) |
| | 4.4 Sistemas de Illamiento Térmico polo Exterior. Fachadas SATE. |
| | 4.5 Taller de instalación de fachada SATE. |
| | 4.6 Rehabilitación de cubertas de madeira. |
| | 4.7. Cubertas de tella. Desprazamento a fábrica de Tejas Verea. |
| | 4.8. Taller práctico de montaxe de fachada de madeira trasventilada. |
| | 4.9. Pinturas sobre madeira. Protección e decoración. Funxicidas e lasures. |
| | 4.10. Pinturas sobre fachadas. Preparación de soportes, tipos e prestacións. |
| | 4.11. Combate o gas radón. Sistemas de ventilación con recuperación de calor. |
| | 4.12. Introdución á acústica en estruturas de madeira. |
| | 4.13.Taller de forxa. |

# Programación e Lugar de Impartición | 6

A formación desenvólvese en **modalidade mixta**, compaxinando as sesións presenciais de cada módulo coa participación na plataforma de teleformación. Das **300 horas do curso**, destínanse 180 horas ás sesións presenciais e 120 á teleformación.

As sesións formativas, os obradoiros prácticos e as visitas externas -que se concretarán durante o curso- desenvolveranse de forma presencial. Se algunha persoa participante non pode asistir presencialmente a algunha sesión formativa debido a circunstancias excepcionais, ofreceráselle a posibilidade de seguir esta sesión formativa en "aula virtual".

As clases presenciais realizaranse no **Centro de Formación de Santiago de Compostela** (Pontepedriña de Arriba, nº 13 – 15705 Santiago de Compostela (A Coruña) de **Fundación Laboral de la Construcción de Galicia.** O seguinte calendario é provisional e está suxeito a axustes de programación que se irán comunicando ao longo do curso.




| Clases presenciais | Horarios |
|---|---|
| Inicio: **17/04/2026** | Venres: 16.00 a 21.00 horas |
| Finalización: **09/11/2026** | Sábados: 09.00 a 14.00 horas |

# Sistema de Avaliación | 7

As persoas participantes do **Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación** serán valoradas mediante un proceso de avaliación continua. Tomando como base o anterior, para obter o diploma correspondente, os/as alumnos/as deberán cumplir cos seguintes requisitos:

- Asistir ao **100% das clases presenciais**. Admitirase ata un 25% de faltas xustificadas.
- Realizar e superar as avaliacións dispostas.
- Realizar e superar un "**traballo final**"[1].

# Información e inscricións | 8

## Requisitos de Admisión:

Titulación relacionada coa materia ou acreditación da experiencia profesional.

## Prazo de Inscrición:

Ata o **10 de abril de 2026**

## Proceso de Admisión:

Para realizar a matrícula no curso deberase remitir a **Rosa Calvo** (**rcalvo@fundacionlaboral.org**) a seguinte documentación:

1. Folla de inscrición.
2. Currículum Vítae.
3. Copia do D.N.I.
4. Copia da titulación relacionada ou vida laboral. No caso dos estudantes de último ano poderán remitir copia da matrícula do centro de estudos.
5. Xustificante bancario correspondente ao pago do curso.

A admisión no curso realizarase por rigorosa orde de inscrición, sempre e cando se cumpra cos requisitos esixidos e se presente a documentación indicada.

[1] O traballo final cualificarase nunha escala de cero a dez, sendo necesario para superar a correspondente avaliación acadar unha nota igual ou maior ca seis.

## Lugar de impartición:

**Centro de Formación de Santiago de Fundación Laboral de la Construcción de Galicia**

Dirección: Rúa Pontepedriña de Arriba, nº 13 – 15.705 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono de contacto: **981 983 536**

Máis información sobre o curso na web:
www.microsites.fundacionlaboral.org/cegor

## Condicións de Pago | 9

A formación está parcialmente subvencionada polo Consorcio de Santiago, polo que o importe final é de **500 €,** que deben aboarse de forma anticipada. Unha vez realizado o pago, debe remitirse o correspondente xustificante bancario.

N.º de conta (BBVA): ES18 0182 5947 180011500028
*É necesario que no concepto figure o seguinte texto: Concepto: CEGOR – DNI alumno

## Certificación da Formación | 10

O alumnado que finalice o curso tendo superado o sistema de avaliación establecido, recibirá o correspondente diploma expedido por **Fundación Laboral de la Construcción**, no que consta o temario creado xunto coas datas de impartición.



# Centros de Fundación Laboral de la Construcción en Galicia | 11




galicia.fundacionlaboral.org